

INESQUECIBLE

Camiño de Santiago

SINTE RÍAS BAIXAS

GALEGO/ESPAÑOL



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



ríasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Deseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 409-2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





**Ti non fas o camiño, o
camiño faite**

**Tú no haces el camino,
el camino te hace**

CAMIÑO DE SANTIAGO RÍAS BAIXAS

Podemos dicir sen ningunha dúbida que o Camiño de Santiago é a ruta máis antiga e máis coñecida de Europa. É todo un emblema e a súa fama débese ao seu carácter aventureiro, que reúne peregrinas e peregrinos, camiñantes ou simples viaxeiras ou viaxeiros cunha mesma misión: chegar a Santiago de Compostela. Ao longo do camiño atoparás un universo repleto de lugares e persoas que non se borrarán da túa mente xamais e, se o fas pola costa, as paisaxes gravaranse na túa retina para sempre.

Podemos dicir sin duda alguna que el Camino de Santiago es la ruta más antigua y más conocida de Europa. Es todo un emblema y su fama se debe a su carácter aventurero que reúne a peregrinos, caminantes o simples trotamundos bajo una misma misión: llegar a Santiago de Compostela. A lo largo del camino te encontrarás con un universo repleto de lugares y personas que no se borrarán de tu mente jamás, y si lo haces por la costa, los paisajes se grabarán en tu retina para siempre.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas



ÍNDICE/ÍNDICE

- Páx. 6 **O Camiño Portugués**
El Camino Portugués
- 10 **O Camiño Portugués pola costa**
El Camino Portugués por la costa
- 14 **O Camiño Sanabrés ou Vía da Prata**
El Camino Sanabrés o Vía de la Plata
- 16 **O Camiño de Inverno**
El Camino de Inverno
- 18 **A Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla**
La Ruta do Mar de Arousa y Río Ulla
- 22 **Información de interese para o Camiño**
Información de interés para el Camino



O Camiño Portugués

O Camiño Portugués compite en notoriedade co Camiño Francés e é un dos preferidos polas peregrinas peregrinos. É o Camiño trazado para acceder a Galicia a través de terras portuguesas, e adquiriu gran relevancia a partir do século XII, tras a independencia de Portugal. Esta ruta asentou unha gran devoción xacobeá por vías e camiños antigos, coma a Vía XIX, construída no século I, unha das calzadas romanas máis importantes da antiga Gallaecia.

El Camino Portugués

El Camino Portugués compite en notoriedad con el Camino Francés y es uno de los preferidos por los peregrinos. Es el camino trazado para acceder a Galicia a través de tierras portuguesas y que tomó gran relevancia a partir del siglo XII, tras la independencia de Portugal. Esta ruta asentó una gran devoción jacobea por vías y caminos antiguos, como la Vía XIX construida en el siglo I, una de las calzadas romanas más importantes de la antigua Gallaecia.



Etapa Tui–Redondela (32,1 km)

Empezamos en Tui, unha pequena cidade fronteiriza onde o se pode descubrir, en primeiro lugar, a fascinante catedral de Santa María, punto de entrada ás Rías Baixas deste Camiño. En Tui tamén se atopa un dos elementos máis importantes da ruta, a ponte de San Telmo, que tamén ten o alcume de Ponte das Febres. É famosa pola súa arquitectura e porque foi onde San Telmo enfermou de febre en 1251.

A partir de aquí o Camiño segue cara a Redondela envolto na serenidade do rural galego, cruzando ríos, vales e lugares emblemáticos que cativan facilmente.

Etapa Redondela–Pontevedra (19,9 km)

Redondela sitúase na ría de Vigo, onde empeza a estreitarse para logo abrirse e formar a enseada de San Simón. Precisamente desde esta zona podemos contemplar a illa de San Simón, famosa polos seus diferentes usos. A enseada alberga unha misteriosa historia: crese que baixo as súas augas se atopa un tesouro de galeóns afundidos na batalla de Rande (1702).

Tras atravesar esta interesante zona chegamos a Ponte Sampaio, onde se desatou a batalla de Ponte Sampaio en 1809, durante a Guerra da Independencia, e onde as tropas do xeneral Ney eliminaron os franceses.

Etapa Tui–Redondela (32,1 km)

Empezamos en Tui, una pequeña ciudad fronteriza donde el peregrino puede descubrir, en primer lugar, la fascinante catedral de Santa María, punto de entrada a las Rías Baixas de este camino. En Tui también se encuentra uno de los elementos más importantes del camino, el Puente de San Telmo. Este puente, también apodado Ponte das Febres, es célebre por su arquitectura y porque fue donde San Telmo enfermó de fiebre en 1251.

A partir de aquí, el camino sigue hacia Redondela envuelto en la serenidad del rural gallego, cruzando ríos, valles y lugares emblemáticos que cautivan fácilmente.

Etapa Redondela–Pontevedra (19,9 km)

Redondela se sitúa en la ría de Vigo, donde ésta empieza a estrecharse para luego abrirse y formar la ensenada de San Simón. Precisamente desde esta zona podemos contemplar la isla de San Simón, famosa por sus diferentes usos. La ensenada alberga una misteriosa historia: se cree que bajo sus fangosas aguas se encuentra un tesoro de galeones hundidos en la Batalla de Rande (1702).

Tras atravesar esta interesante zona el peregrino llegará a Ponte Sampaio, dónde se desató la Batalla de Ponte Sampaio en 1809, durante la Guerra de la Independencia, y donde las tropas del general Ney eliminaron a los franceses.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X ríasbaixas

Continuamos a ruta por evocadores e milenarios camiños empedrados, e chegamos á capital da provincia, Pontevedra. Esta preciosa cidade é un conxunto histórico-artístico enmarcado nunha antiga zona amurallada. Ten unha das zonas vellos mellor conservadas de Galicia. O mellor que se pode facer? Perderse entre as súas rúas.

Etapa Pontevedra–Caldas de Reis (21,2 km)

Continuamos, deixamos atrás a capital das Rías Baixas e chegamos a unha zona de bosques, prados e viñedos. No municipio de Barro, antes de chegar a Caldas de Reis, pódese visitar e gozar dun descanso na Barosa, unha área recreativa na que destaca o conxunto de muíños que se estenden pola ferverza do río Agra.

Xa en Caldas de Reis podemos gozar da súa longa tradición termal, que provén da época romana. As augas deste contorno teñen unha composición que lles confire propiedades curativas, algo que os pés das peregrinas e peregrinos agradecerán ao refrescarse na burga, precursora do turismo termal.

Unha recomendación: o encantador xardín botánico de Caldas de Reis, situado no centro urbano.

Etapa Caldas de Reis–Padrón (18,8 km)

Seguindo o curso do río Valga e os seus muíños chegamos ao municipio que leva ese mesmo nome. Continuaremos rumbo a Pontecesures, onde se atopa a ponte romana do século I (sobre o río Ulla) que serve de división entre as provincias de Pontevedra e A Coruña.

Continuando por evocadores y milenarios caminos empedrados, llegamos a la capital de la provincia, Pontevedra. Esta preciosa ciudad es un conjunto histórico-artístico enmarcado en una antigua zona amurallada y uno de los cascos antiguos mejor conservados de Galicia. ¿Lo mejor que puede hacer el peregrino? Perderse entre sus calles.

Etapa Pontevedra–Caldas de Reis (21,2 km)


Continuamos dejando atrás la capital de las Rías Baixas y empieza una zona de bosques, prados y viñedos. Antes de llegar a Caldas de Reis, en el municipio de Barro, el peregrino podrá visitar y disfrutar en A Barosa, un área recreativa en el que destaca el conjunto de molinos que se extienden por la cascada del río Agra.

Ya en Caldas de Reis podemos disfrutar de su larga tradición termal, que proviene de la mismísima época romana. Las aguas de este entorno tienen una composición que le confiere propiedades curativas, algo que los pies del peregrino agradecerán al refrescarse en la burga precursora del turismo termal.

Una recomendación: el encantador Jardín Botánico de Caldas de Reis, situado en pleno centro urbano.

Etapa Caldas de Reis–Padrón (18,8 km)

Siguiendo el curso del río Valga y sus molinos, llegamos al municipio que lleva ese mismo nombre. Continuaremos rumbo a Pontecesures, donde se encuentra el puente romano del siglo I (sobre el río Ulla) que sirve de división de las provincias de Pontevedra y A Coruña.



O Camiño Portugués pola costa

O Camiño Portugués pola costa é unha travesía costeira que outrora era utilizada por viaxantes de ultramar que se dirixían a Compostela. Este pintoresco Camiño comeza en Porto, Portugal, e discorre na súa maior parte seguindo a liña do océano Atlántico, ata que en Redondela abandona a costa para unirse ao Camiño Portugués central. Unha das curiosidades deste Camiño é que as peregrinas e peregrinos, para poder entrar en España desde Portugal, deben cruzar o río Miño en barco.

El Camino Portugués por la costa

El Camino Portugués por la costa es una travesía costera que antaño era utilizada por los viajeros de ultramar que se dirigían a Compostela. Este pintoresco camino se inicia en Oporto (Portugal) y discurre en su mayor parte siguiendo la línea del océano Atlántico hasta que en Redondela abandona la costa para unirse al Camino Portugués central. Una de las curiosidades de este camino es que el peregrino, para poder entrar en España desde Portugal, ha de cruzar el río Miño en barco.



Etapa Mougás, Oia–A Ramallosa, Nigrán (16 km)

O Camiño Portugués pola costa, xa en territorio español, tras cruzar en transbordador o río Miño, chega á parroquia de Camposancos, na Guarda. Este municipio atesoura a citania de Santa Trega, un dos poboados castrexo-romanos mellor conservados de Galicia. Este enclave arqueolóxico perfectamente conservado, que data do século IV a. C., ofrece unhas maravillosas vistas do estuario do río Miño. Continuamos polo municipio do Rosal, onde a gran fertilidade e particularidade do terreo se ve reflectida nos famosos viños de Denominación de Orixe Rías Baixas. A partir de aquí, as peregrinas e peregrinos atoparanse cun rico patrimonio etnográfico, por exemplo os Muíños do Folón e O Picón.

Oia alberga desde paraxes naturais, coma as pozas, ata importantes restos dunha fortificación castrexa, coma o castro de Cabeciña, ou unha valiosa arquitectura relixiosa, coma o mosteiro de Santa María de Oia, fundado no ano 1137.

Chegamos a Baiona, unha preciosa e elegante vila mariñeira, protexida do mar por unha baía, na que se atopa a formidable fortaleza de Monterreal, hoxe convertida en parador nacional. A súa riqueza patrimonial é tal que o seu centro histórico foi declarado Conxunto Histórico-Artístico. Avanzamos cara a Santa Cristina da Ramallosa, pasando sobre a ponte románica da Ramallosa. Aquí pódese observar a marisma da Foz do río Miñor, que ten unha gran riqueza ecolóxica. No pazo de Pías, tamén en Ramallosa, culmina esta primeira etapa.

Etapa Mougás, Oia–A Ramallosa, Nigrán (16 km)

El Camino Portugués por la costa, ya en territorio español tras haber cruzado en ferry el río Miño, llega a la localidad de Camposancos en A Guarda. Este municipio atesora la citania de Santa Trega, uno de los poblados castrexo-romanos mejor conservados de Galicia. Este enclave arqueológico perfectamente conservado, que data del siglo IV a.C., posee unas maravillosas vistas al estuario del río Miño. Continuamos por el municipio de O Rosal, donde la gran fertilidad y particularidad del terreno se ve reflejada en los célebres vinos de Denominación de Origen Rías Baixas. A partir de aquí, el peregrino se encontrará con un rico patrimonio etnográfico, como por ejemplo los Molinos de Folón y Picón.

Oia alberga desde parajes naturales como As Pozas, hasta importantes restos de una fortificación castrexa como el Castro de Cabeciña; o una valiosa arquitectura religiosa como el monasterio de Santa María de Oia, fundado en el año 1137.

Llegamos a Baiona, una preciosa y elegante villa marinera protegida del mar por una bahía donde se halla la formidable fortaleza de Monterreal, hoy convertida en parador nacional. Su riqueza patrimonial es tal que su casco antiguo ha sido declarado Conjunto Histórico-Artístico. Saliendo de esta localidad se avanza hacia Santa Cristina de A Ramallosa, pasando sobre el Puente Románico de A Ramallosa. Aquí se puede observar la marisma de A Foz del río Miñor, que cuenta con gran riqueza ecológica. En el Pazo de Pías también en A Ramallosa culmina esta primera etapa.



Etapa A Ramallosa, Nigrán-Vigo (20 km)

A segunda etapa do Camiño Portugués pola costa comeza na Ramallosa. Aquí empezamos a descubrir a paisaxe rural de San Pedro da Ramallosa, onde se poden atopar miradoiros naturais únicos que permiten admirar a costa sur de Galicia. O percorrido continúa en dirección a Priegue, zona na que podemos visitar os pazos de Cadaval-Urzaiz e de Cea, ata chegar ao parque forestal de Saiáns.

Xa no termo municipal de Vigo poderemos gozar da senda do río Lagares, que atravesa o parque de Castrelos, no que se atopa o espectacular pazo Quiñones de León, monumento histórico cunha estupenda pinacoteca e un impresionante xardín cheo de camelias milenarias.

A etapa finaliza en Vigo, a cidade máis grande de Galicia. Na súa zona antiga, declarada Conxunto Histórico-Artístico, poderemos gozar de diversos puntos de grande interese: a catedral de Santa María, de estilo neoclásico; a casa de Ceta ou o pazo dos Figueroa; o mercado da Pedra; a rúa dos Cesteiros, ou a rúa das Ostras.

Etapa A Ramallosa, Nigrán-Vigo (20 km)

La segunda etapa del Camino Portugués por la costa comienza en A Ramallosa. Aquí empezamos a adentrarnos en el paisaje rural de San Pedro de A Ramallosa, donde el peregrino descubrirá miradores naturales únicos que permiten admirar la costa sur de Galicia. El recorrido continúa en dirección a Priegue, zona en la que podemos visitar los Pazos de Cadaval-Urzaiz y de Cea, hasta llegar al parque forestal de Saiáns.

Ya en el término municipal de Vigo podremos disfrutar de la senda del río Lagares que atraviesa el Parque de Castrelos, donde se encuentra el espectacular Pazo Quiñones de León, monumento histórico con una estupenda pinacoteca y un impresionante jardín lleno de camelias milenarias. La etapa finaliza en Vigo, la ciudad más grande de Galicia. En su casco antiguo, declarado Conjunto Histórico-Artístico, podremos disfrutar de diversos puntos de gran interés: la concatedral de Santa María de estilo neoclásico; la Casa Ceta o el Pazo de los Figueroa; el mercado de A Pedra; la calle de las Cesteiras, o la calle de las Ostras.



Etapa Vigo–Redondela (17 km)

Deixamos atrás o centro de Vigo e avanzamos ata a parroquia de Teis, para proseguir despois pola Ruta da Auga nos montes da Madroa e Trasmañó, unha ruta con gran valor ecolóxico e paisaxístico. O pazo de Torrecedeira e a igrexa de Santo André de Cedeira dan a benvida ao municipio de Redondela. É aquí onde podemos contemplar a gran ponte de Rande, que no seu momento foi a ponte atirantada máis longa do mundo. No fondo da ría atópase a enseada de San Simón.

Subimos ata chegar aos 327 metros de altura e situarnos no monte da Peneda, onde se pode gozar dunhas vistas espectaculares da ría de Vigo. Alí asentouse a fortaleza de Castrizán, que xogou un importante papel nas revoltas irmandiñas e en conflitos nobiliarios. A partir de aquí, desde Redondela, o Camiño Portugués pola costa enlaza co Camiño Portugués central.

Etapa Vigo–Redondela (17 km)

Dejamos atrás el centro de Vigo y avanzamos hasta la parroquia de Teis para proseguir después por la ruta del agua en los montes de A Madroa y Trasmañó, una ruta con gran valor ecológico y paisajístico. El pazo de Torrecedeira y la iglesia de San Andrés de Cedeira dan la bienvenida al municipio de Redondela. Es aquí donde podemos contemplar el gran Puente de Rande, que en su momento fue el puente atirantado más largo del mundo. En el fondo de la ría, la ensenada de San Simón.

Subimos hasta llegar a los 327 metros de altura y situarnos en el monte de A Peneda donde el visitante podrá disfrutar de una espectacular vista a la ría de Vigo. Allí se asentó la fortaleza de Castrizán que jugó un importante papel en las revueltas irmandiñas y en conflictos nobiliarios. A partir de aquí, desde Redondela, el Camino Portugués por la costa enlaza con el Camino Portugués central.





DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas

O Camiño Sanabrés ou Vía da Prata

É o longo Camiño que une a península de norte a sur e é, sen dúbida, unha das rutas máis fermosas.

Etapa O Castro, Dozón–Silleda (28,9 km)

Despois de atravesar Oseira, en Ourense, cruzaremos O Castro de Dozón. Nas súas proximidades atópase o mosteiro e igrexa monacal de San Pedro de Vilanova, unha xoia da arte románica galega do século XII. Poñerémonos rumbo ao centro de Lalín e atravesaremos carreiros rurais de gran beleza natural. Aquí tamén poderemos visitar a igrexa de San Martiño, que formou parte dun mosteiro fundado no século X. O percorrido continúa en dirección a Silleda. Cruzaremos a ponte medieval sobre o río Deza e faremos un alto necesario nas fermosas igrexas románicas de Fiestras e Ansemil.

Etapa Silleda–A Ponte Ulla (23,3 km)

A peregrina ou peregrino que cruza o val do Ulla asómase a un territorio pródigo de pazos e igrexas. Máis tarde, ao saír do centro de Silleda, en dirección á Estrada, pasará pola parroquia de Bandeira, moi coñecida polas súas sabrosas empanadas. Ao seu paso pola Estrada tamén poderá visitar o pazo de Oca, un conxunto coñecido como o Versalles galego. A ruta continúa en dirección a Vedra, pasando pola Ponte Ulla, punto limítrofe das provincias de Pontevedra e A Coruña.

El Camino Sanabrés o Vía de la Plata

Es el largo camino que une la península de norte a sur y sin duda una de las rutas más bellas.

Etapa O Castro, Dozón–Silleda (28,9 km)

Recién llegados de Oseira, en Ourense, cruzaremos O Castro de Dozón, en cuyas cercanías se encuentra el monasterio e iglesia monacal de San Pedro de Vilanova, una joya del arte románico gallego del siglo XII. Nos pondremos rumbo al centro de Lalín y atravesaremos senderos rurales de gran belleza natural. Aquí también podremos visitar la iglesia de San Martiño, que formó parte de un monasterio fundado en el siglo X. El recorrido continúa en dirección a Silleda, cruzando el puente medieval sobre el río Deza y haciendo un alto necesario en las bonitas iglesias románicas de Fiestras y Ansemil.

Etapa Silleda–A Ponte Ulla (23,3 km)

El peregrino que cruza el valle del Ulla se asoma a un territorio pródigo de pazos e iglesias. Más tarde, saliendo del centro de Silleda y en dirección A Estrada, pasará por la parroquia de Bandeira, muy conocida por sus sabrosas empanadas. A su paso por A Estrada también podrá visitar el Pazo de Oca, un conjunto conocido como el Versalles gallego. La ruta continua dirección Vedra pasando por A Ponte Ulla, punto limítrofe de las provincias de Pontevedra y A Coruña.

O Camiño de Inverno

Esta é a ruta que lles permitía escapar ás peregrinas e peregrinos medievais do Camiño de Santiago do ascenso ao porto do Cebreiro, que na época invernal máis crúa se volvía extremadamente duro. Ben desde Ponferrada ou a mesma Vilafranca do Bierzo, este Camiño segue o discurso dos ríos Sil e Miño e únese á Vía da Prata.

Etapa Chantada–Rodeiro (25,2 km)

Tras cinco etapas cruzando terras ourensás chégase ao territorio das Rías Baixas, onde se pode descansar nas inmediacións do monte Faro. Ao longo desta etapa pódense distinguir restos de varios túmulos e mámoas da época megalítica, ademais de diversos gravados rupestres.

Etapa Rodeiro–Lalín (26,2 km)

En Rodeiro cruzamos a ponte medieval de Pedroso, construída no século XII sobre o río Arnego, que posúe dous muíños acaroados a ambos os dous lados. Continuaremos en dirección a Lalín, á parroquia de Bendoiro, tomaremos o paseo fluvial do río das Cabirtas para despois incorporarnos ao Camiño Sanabrés ou Vía da Prata á altura da ponte Taboada, no municipio de Silleda.

El Camino de Invierno

Esta es la ruta que permitía escapar a los peregrinos medievales del Camino de Santiago del ascenso al puerto de O Cebreiro, que en la época invernal más cruda se volvía extremadamente duro. Bien desde Ponferrada o la misma Villafranca del Bierzo, este camino sigue al abrigo de los ríos Sil y Miño uniéndose a la Vía de la Plata.

Etapa Chantada–Rodeiro (25,2 km)

Tras cinco etapas cruzando tierras ourensanas se llega a territorio de las Rías Baixas, donde el peregrino podrá descansar en las inmediaciones del Monte Faro. A lo largo de esta etapa se pueden distinguir restos de varios túmulos y mámoas de la época megalítica, además de diversos grabados rupestres.

Etapa Rodeiro–Lalín (26,2 km)

En Rodeiro cruzamos el Puente medieval de Pedroso, construido en el siglo XII sobre el río Arnego, que posee dos molinos adosados a ambos lados. Continuaremos en dirección a Lalín, a la parroquia de Bendoiro, tomando el paseo fluvial del río das Cabirtas para luego incorporarnos al Camino Sanabrés o Vía de la Plata, a la altura del Puente Taboada, en el municipio de Silleda.





A Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla

Esta ruta conmemora a chegada por mar do corpo do apóstolo Santiago no ano 44. Segundo a tradición, os discípulos entraron a través da ría de Arousa ata chegar ao río Ulla, para finalmente acabar en Iria Flavia, Padrón, e incorporarse ao Camiño Portugués.

Conta a lenda que os discípulos navegaron por esta ruta na milagrosa barca de pedra. Por iso tamén é coñecida como Traslatio, e constitúe o único viacrucis marítimo do mundo. Nas ribeiras e illotes da ría é posible observar varios cruceiros, situados en lugares estratéxicos: un total de 17 obras escultóricas que balizan a ruta.

La Ruta del Mar de Arousa y Río Ulla

Esta ruta conmemora la llegada por mar del cuerpo del Apóstol Santiago en el año 44. Según la tradición, los discípulos entraron a través de la ría de Arousa hasta llegar al río Ulla para finalmente acabar en Iria Flavia, Padrón, incorporándose al Camino Portugués.

Cuenta la leyenda que esta ruta marítima fluvial la navegaron los discípulos con la milagrosa barca de piedra. Por ello esta ruta también es conocida como Traslatio y constituye el único Vía Crucis marítimo del mundo. En las riberas e islotes de la ría es posible observar varios “cruceiros” ubicados en lugares estratégicos: un total de 17 obras escultóricas que jalonan la ruta.

O artista que os creou foi Alfonso Sanmartín Abelleira, coñecido e afamado escultor. Pode dicirse que foi un continuador da escola galega de escultores de épocas anteriores. Foi un grande escultor e restaurador de multitude de monumentos. Non se sabe cando foron instalados os cruceiros, pero si que a gran maioría atopábanse erguidos xa no ano 1965. Estes cruceiros son sen dúbida unha parte orixinal e inestimable do noso patrimonio cultural e artístico, que permanecerá durante anos na nosa ría.

En total 10 municipios ricos en patrimonio popular e etnográfico, en cultura e en gastronomía. Unha ría salpicada por illas que xorden de entre bateas de mexillóns, ostras e vieiras. Desde Sanxenxo ata Pontecesures (Meaño, O Grove, Cambados, Vilagarcía de Arousa, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Catoira e Valga) en barco e finalmente, o último tramo, xa a pé.

El artista, creador de estos “cruceiros”, fue Alfonso Sanmartín Abelleira conocido y afamado escultor. Puede decirse que fue un continuador de la escuela gallega de escultores de épocas anteriores. Ha sido un gran escultor y restaurador de multitud de monumentos. No se sabe cuando fueron instalados, pero sí que la gran mayoría se encontraban erguidos ya en el año 1965. Estos “cruceiros” son sin duda un original e inestimable patrimonio cultural y artístico que permanecerá durante años en nuestra ría.

En total 10 municipios ricos en patrimonio popular y etnográfico, en cultura y en gastronomía. Una ría salpicada por islas que surgen de entre bateas de mejillones, ostras y vieiras. Desde Sanxenxo hasta Pontecesures (Meaño, O Grove, Cambados, Vilagarcía de Arousa, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Catoira y Valga) en barco y finalmente el último tramo ya a pie.





BO CAMIÑO!

¡BUEN CAMINO!





INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O CAMIÑO

Para obter a ansiada Compostela é necesario realizar, como mínimo, algunha destas tres opcións:

- 100 km a pé
- 200 km a cabalo
- 200 km en bicicleta

As persoas que fan o Camiño deben ser acreditadas coa credencial da peregrina ou do peregrino, básica para poder aloxarse nos albergues. Unha vez no destino, entregárase na Oficina de Acollida do Peregrino para recoller a Compostela.

A credencial pódese obter en albergues, asociacións ou confrarías do Camiño de Santiago, así como en igrexas.

ALGÚNS CONSELLOS

- Evitar mochilas grandes, o aconsellable é de 3 a 5 kg
- Levar calzado cómodo e elástico, sombreiro e bastón. A roupa debe adaptarse á época do ano na que se atopen
- Vestir roupa reflectora, aínda que se recomenda camiñar só durante o día
- Levar unha pequena caixa para emerxencias e consumibles hixiénicos
- Levar auga e bebidas isotónicas, un pouco de sal e algo doce





INFORMACIÓN DE INTERÉS PARA EL CAMINO

Para obtener la ansiada Compostela, es necesario realizar, como mínimo, alguna de estas tres opciones:


- 100 km a pie
- 200 km a caballo
- 200 km en bicicleta

El caminante debe ser acreditado con la credencial del peregrino, básica para ser acogido en los albergues. Una vez en destino, se entregará en la Oficina de Acogida del Peregrino para recoger la Compostela.

La Credencial del Peregrino se puede obtener en albergues, asociaciones o cofradías del Camino de Santiago, así como en iglesias.

ALGUNOS CONSEJOS

- Evitar grandes mochilas, lo aconsejable es de 3 a 5 kg
- Llevar calzado cómodo y elástico, sombrero y bastón. La ropa debe adaptarse a la época del año en la que se encuentren
- Vestir ropa reflectante, aunque se recomienda caminar solo durante el día.
- Llevar un pequeño botiquín y consumibles higiénicos
- Llevar agua y bebidas isotónicas, un poco de sal y algo dulce





INESQUECIBLE

Camiño de Santiago

SINTE RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n

36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700

